

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 14 DE MAIO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de maio de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Dona Manuela Iglesias Collarte.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 7 de Maio do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

Vista a solicitude de **Celso Alen Vidal**, con domicilio na rúa Eduardo Chao Fernández nº 1, 3ªA, desta Vila, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na Xarmenta, San Cristovo (Polígono 13, Parcelas 844-888-889-918 e 919), Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 10.05.07, que literalmente di:

“Agrupación de parcelas rústicas: As seis parcelas rústicas actualmente encóntranse agrupadas nunha sola parcela.

A alteración de lindeiros de fincas, según o Réxime Xurídico de aplicación, é tratado na Sección IV da LOUGA.

Salvo mellor criterio, a agrupación realizada non require de licenza municipal.

A parcela resultante encontrase cerrada no seu perímetro e a porción de terreo colindante coas Parcelas 839,840,886 e 842 esta cerrada do resto pero con acceso desde a propia parcela.

Dentro desta parte cerrada, encontrase construída unha edificación de planta baixa, con posible uso residencial e elle aplicable o réxime de Fora de Ordenación, según establece o Art. 103 da LOUGA.

Respecto á edificación, debo sinalar, que no hipotético círculo de 200 metros de diámetro, encóntranse construídas dúas vivendas unifamiliares.

A parcela resultante, según datos facilitados por o solicitante, corresponde a solo clasificado como Rústico, según se establece nas NNSSM.

O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

Na categoría que establece o Art. 32. CATEGORÍAS. A-32-2,a) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA.

Son de aplicación os Artigos 31 e seguintes da Sección IV SOLO RÚSTICO da LOUGA.

Axuntase co presente informe:

-Plano NNSSM, E 1: 10.000.

-Plano Catastral de Rústica.

-Artigos 31 e ss.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Convenio de Colaboración entre Caixanova e o Concello de Ribadavia para a XXIII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”.

-“Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, comunicando Resolución de data 7 de maio de 2007, concedendo subvención para a contratación de 12 traballadores desempregados para a realización da obra ou servizo denominado “Grupo Municipal de Intervención Rápida”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE PROXECTO.-

APROBACION DO PROXECTO DENOMINADO " MELLORA SANEAMENTO E RECONSTRUCCION DE MUROS EN ESPOSENDE".- A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto técnico da obra " Mellora Saneamento e Reconstrucción de Muros en Esposende" do Plano Operativo Local 2007, nº 68 PB/07, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Don Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento total de contrata de 42.369,07 euros. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por

unanimidade, acorda solicitar a Deputación Provincial a delegación de competencias para a contratación da devandita obra.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.